



XIV TORNEO SAN FROILÁN - I MEMORIAL BONI

CD DEZ PORTAS TM LUGO

Regulamento

Data e local de xogo:

O XIV Torneo San Froilán – I Memorial Boni de Tenis de Mesa, terá lugar nas instalacións da “Casa do Deporte” que se encontra na Avenida Infanta Elena, s/n, o día 7 de setembro de 2025.

Dirección:

[Casa do Deporte - Lugo](#)

Probas a disputar e horarios:

O torneo comezará ás 10:00 de mañá e rematará cando se acaben todas as probas.

Domingo 7 de setembro as seguintes categorías para Nacidos:

Proba Infantil – ata o ano 2011 incluído

Proba Sub-23 – entre os anos de 2010 e 2002 incluído

Proba Sénior - entre os anos de 2001 e 1986 incluído

Proba Veteranos +40 - Entre 1985 e 1966 incluído

Proba Veteranos +60 - Nacidos antes de 1966

Se nalgunha das probas hai un mínimo de 6 (seis) inscricións de deportistas femininas, e 6 deportistas masculinos, esa proba realizarase por separado nunha competición feminina e nunha masculina, en caso contrario realizarase nunha competición mixta.

O Torneo disputarase en “sistema mixto”, (1a Fase por grupos e a Segunda por eliminatorias) salvo que sexan menos de 8 inscritos neste caso a competición só se disputará nun único grupo.



Inscricións:

A inscrición é de balde, debendo formalizarse antes do día 31 de agosto ás 14:00 h.

Os clubs formalizarán a súa inscrición descargando o [Fichero de Inscricion](#) e enviándoa por correo electrónico á dirección dezportas@hotmail.com, deberan facilitar: Nome e apelidos, data de nacemento, no de licenza, Club ó que pertencen e categoría na que se inscriben.

Os xogadores só poden inscribirse nunha categoría.

TODOS OS XOGADORES INSCRITOS, DEBERÁN ESTAR EN POSESIÓN DA CORRESPONDENTE LICENZA FEDERATIVA.

Arbitraxes:

Os partidos da 1ª Fase serán arbitrados polos propios xogadores/as.

Na 2ª fase arbitrarán xogadores que foron quedando eliminados en quendas anteriores.

Trofeos:

Entregaranse trofeos os catro primeiros clasificados de cada proba